



### LOITA CONTRA OS INCENDIOS


#### OBRIGAS DAS PERSOAS PROPIETARIAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

■ Un ano máis e especialmente despois do acontecido o ano pasado en boa parte de Galicia é necesario que a veciñanza tome conciencia de que o pilar fundamental para evitar traxedias coma a do verán pasado é a prevención coa limpeza dos montes e coa retirada daquelas especies que pola súa situación poidan favorecer a propagación dos incendios.

O Concello de Vedra segue catalogado como Zona de alto risco de incendio (ZAR) pola Xunta de Galicia polo que non só é necesario levar adiante todas as medidas de prevención, senón tamén ser especialmente coidadosos cos usos do lume. Débese atender á normativa en materia de queimas agrícolas e evitar a realización de grelladas durante o verán, incluso nas infraestruturas destinadas a ese fin.

#### OBRIGAS RELATIVAS Á LIMPEZA DE PARCELAS E PLANTACIÓNS

■ Deberá limparse a maleza e retirar todas as especies recollidas na D.A.III da Lei de incendios (piñeiro, eucalipto, acacia, etc) na franxa dos 50 primeiros metros de perímetro ao solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e de calquera edificación.



ESTES TRABALLOS DEBERÁN SER REALIZADOS...  
ANTES DO REMATE DO MES DE MAIO!!

■ A maiores das sancións que o incumprimento destas obrigas poida supoñer, na modificación da Lei de incendios que recolle a Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas recóllese unha novidade pola cal a **aquelas persoas que non cumprisen coas citadas obrigas de limpeza e de retirada de especies repercutiránelles, previa iniciación do correspondente procedemento, os gastos de extinción no caso de incendio.**

### MARZO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

#### AXENDA PARA O MES DE MARZO

- **Commemoración do "Día da Muller"** en Vedra o **8 de marzo**.
- **Entrega de composteiros** o **venres 9 de marzo** na Biblioteca de Vedra.
- **Charla "A factura electrónica"**, o **23 de marzo**.

#### AXENDA ASOCIATIVA PARA MARZO

- **XVIII Mostra de Teatro Amador** da Asociación Cultural Papaventos **todas as fins de semana de marzo**. No interior programa.
- **Último Entroido cos Xenerais da Ulla...** En Vilanova o **sábado 3 de marzo**.
- **Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño**, con motivo da **XXXVIII Exaltación do Viño da Ulla**. Programación no interior.
- **Concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra**, o **25 de marzo** ás **18:30 h.** na Igrexa de Conxo.
- **"Gran Iaconada"** en San Pedro de Sarandón o **25 de marzo**.

#### CHARLA "A FACTURA ELÉCTRICA" O 23 de marzo

- **Data:** venres 23 de marzo.
  - **Lugar:** Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla.
  - **Hora:** Ás 19:00 h.
- Trátase dunha charla orientada aos particulares e impartida por unha consultora enerxética, que pretende facer comprensible as nosas facturas de electricidade. Entrada libre e gratuíta.





## XXIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA



Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Actuación do Coro Habaneras da Rocha Forte.



Actuación do Trío Refugallo.



Entrega de premios do 18º Concurso de debuxo infantil da camelia.



Ruta BTT da Camelia.



Visita teatralizada no Pazo de Ortigueira coa Asociación Papaventos.



Vista dos traballos ornamentais con camelia.



Momento da inauguración das XXIII Xornadas Arredor da Camelia.





Charla na Escola de Saúde da Terceira Idade sobre a Artrose.



Xornada presentación actividades relacionadas co emprego da Cruz Vermella.

## ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



IV Maratón de Montaña "A Camelia" do Club de montaña Vértice, que nesta ocasión organizou tres categorías ou opcións para participar: O Maratón de Montaña con 46 km, o II Trail con 13 km. e a I Andaina con 13 km. Lembra que podes ver as clasificacións e toda a información na páxina de facebook do club de montaña Vértice.



Campionato Galego de Duatlón - Olímpico de Vedra

Grazas a esta proba Vedra converteuse unha ocasión máis na capital autonómica do duatlón. Unha proba que por quinto ano consecutivo logra ser o duatlón con máis participación de Galicia e que medra ano tras ano. Este ano con novo centro neurálxico da mesma, que aínda a medio construír, espertou a curiosidade de moitos dos membros dos clubs participantes. A nivel deportivo na categoría masculina, o equipo formado por Jacobo Crego, Manuel Dosil, Cesar Otero, Ismael García, Juan Cepeda e Víctor Bouzón, traballaban a perfección para lograr unha nova vitoria, reeditando así o título do pasado ano. Segundo título absoluto do club e noveno se se contan todas as categorías. Na proba feminina, un equipo algo diminuído polas baixas e formado por Tania Garabatos, Katia Senín, Rita Cabanelas, Tania Suárez e Marta Suárez lograban o sexto posto por equipos. Moi boas prestacións tamén dos participantes na proba Open V Duatlón Concello de Vedra, onde o equipo B, formado por Jorge Ferradáns, Alfonso López, Julio Mallo e Adrián Picallo se facía co primeiro posto, reeditando tamén o primeiro posto en dita proba do ano 2017. O equipo C con Antón Barreiro, Xurxo Carballo, Adrián Campaña e Pablo Cabanelas era 14º e o equipo D integrado por Alejandro Argibay, Santiago Soletto, Saúl Carril, Sergio Marquíz e André García, remataba 37º.



Entroidos dos Xenerais da Ulla en Trobe.



Entroidos dos Xenerais da Ulla en San Xián. E na primeira fin de semana de marzo o broche final da festa dos Xenerais da Ulla estará en Vilanova.





## CONTINÚA A LOITA CONTRA A AVESPA VELUTINA...

### UNHA CAMELIA, UNHA TRAMPA

■ En cada casa de Vedra, “en cada Camelia, coloca unha trampa”.



### A COLABORACIÓN VECIÑAL É IMPRESCINDIBLE

A posta de trampas para a captura de raíñas na primavera é fundamental, xa que cada raíña “fundadora” capturada significará que haxa un niño menos na contorna. As novas raíñas nadas o outono anterior, emerxen do período de hibernación a finais de febreiro, inicio de marzo, e comezará a construír o niño para a continuación realizar a primeira posta de ovos. A finais de maio, primeiros días de xuño, nacen as primeiras avespas obreiras, ocupándose estas desde este momento de realizar todos os labores necesarios para o desenvolvemento da colonia. A partir deste momento, as raíñas permanecerán constantemente no interior do niño, ocupándose unicamente da tarefa de posta de ovos.

Consecuentemente, débese aproveitar o período no que as raíñas se mostren activas no exterior para proceder á súa captura, é dicir, durante os meses de febreiro, marzo e abril.

### “COLABORA POÑENDO TRAMPAS”

#### Onde colocar as trampas?

Cólganse a 1,5 metros de altura, en zonas asolladas e resgardadas do vento.

- En plantas de especial interese para a velutina, como as especies de orixe asiática (camelias, especialmente xapónica), callistemon, a aralia (ou árbore de Angélica), níspero xaponés, froiteiros en flor (cerdeiras, cítricos), ornamentais. En xeral plantas de floración temperá.
- Nas proximidades dos composteiros.
- Nun radio de 100-150 metros de niños do ano anterior.
- En árbores que poden ter pole ou pulgón; por exemplo o salgueiro.
- Nas proximidades dos locais onde os apicultores gardan o seu material e extraen o mel.

### “COLABORA ATOPANDO OS NIÑOS DE AVESPA”



**Chama ao 012 ou 981 814 612**



Rematada a rolda de 12 charlas informativas nas 12 parroquias vedresas sobre a problemática social causada pola velutina e as maneiras de poder controlar a súa presenza na comarca mediante a colocación de trampas, tratando de implicar e concienciar á veciñanza na loita contra esta especie invasora que está a causar graves prexuízos en moitos sectores produtivos na comarca.

A imaxe corresponde á charla impartida na parroquia de San Xián.



CONTINUÁN AS XXIII XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

10 de marzo  
VISITA AO PAZO DE MARIÑÁN

■ Pola mañá visitaremos o Pazo de Mariñán no municipio de Bergondo. Este é un pazo do século XVIII, monumento histórico-artístico con xardín francés e camelias situado a carón do río Mandeo, é un dos pazos que conforman a "Ruta da Camelia".



*Pola tarde visitaremos o centro histórico de Betanzos e ao Parque do Pasatempo que conta cunha zona máis antiga e outra de recente construción que alberga estanques, zonas verdes, gruta subterránea, ..*

**Prezo:** 25 euros (inclúe transporte, entradas e comida).  
**Prazas limitas.** Imprescindible inscrición previa.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 46 91.

15 de marzo  
Centro de Formación Municipal, na Casa da Estación  
INICIÁNDONOS NO TÉ.

■ Charla – cata impartida por Carmen Salinero, presidenta da "Sociedad Española de la Camelia" sobre os fundamentos da elaboración deste prezado produto orixinado da camelia con cata e degustación das diferentes variedades.



**Hora:** 18:00 h.  
**Actividade gratuíta.**  
**Prazas limitadas.** Imprescindible inscrición previa.

Máis información e inscricións no Departamento de Cultura ou no teléfono 981 814 691.

ÚLTIMO ENTROIDO NO CONCELLO DE VEDRA  
...EN VILANOVA O 3 DE MARZO



CULTURA



## PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA DO CONCELLO DE VEDRA

■ Novo éxito para o Programa de Compostaxe Doméstica, que nunha soa mañá esgotou todos os composteiros dispoñibles!!!

### ENTREGA DOS COMPOSTEIROS...

O venres 9 de marzo ás 19:00 h na Biblioteca Municipal de Vedra.

Ante a avalancha de solicitudes todas as persoas solicitantes que quedaron en lista de agarda quedaron en espera para a seguinte quenda.



## CHEGA A VEDRA A CAMPAÑA "SEPARAR CON XEITO"

■ Con motivo da XXXVIII Exaltación da Festa do Viño da Ulla o vindeiro 8 de abril, o Concello de Vedra, en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ecoembes, trae a campaña "Separar con xeito".

O obxectivo desta campaña é fomentar prácticas responsables en torno á reciclaxe que se depositan no colector amarelo, latas, plásticos e briks e no colector azul, cartón e papel.

Haberá unha carpa informativa na Festa do Viño, o domingo 8 de abril no Campo da festa de Sarandón.

Máis información: [www.separarconxeito.gal](http://www.separarconxeito.gal)

www.separarconxeito.gal

Carpa Informativa  
Domingo 8 Abril, 11:00 a 15:00 h  
**FESTA DO VIÑO DA ULLA**  
San Miguel de Sarandón, Vedra

Logos: Xunta de Galicia, Ecoembes, Xunta de Galicia, Xunta de Galicia, Xunta de Galicia

Logos: @separarconxeito | @GaliciaSostible | @ecoembes

# Deporte

## SENDEIRISMO

■ Última etapa do "Camiño Portugués da Costa".

- Data: 17 de marzo.
- Percorrido: Dende A Escravitude ata Santiago de Compostela.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.
- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:25 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8.30 h.

Como xa é tradicional, o grupo ao rematar un dos seus percorridos organiza un xantar de confraternidade ao final desta última etapa. Información e reservas no 981 814 691.





## VOLUNTARIADO XUVENIL

■ Programa dirixido a mozos/as de entre 16 e 30 anos. As áreas onde se desenvolverán as diferentes accións de voluntariado son: atención a peregrinos, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo, campamentos, etc.

As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C, e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Anímate a participar no voluntariado xuvenil ao longo deste próximo verán!, reserva a túa praza?

+ información e inscricións:  
Tel. 981 814 695  
ou [xuventude@concellodevedra.com](mailto:xuventude@concellodevedra.com)

## Educación

## VEDRA MEDRA

*Poda no xaneiro, vendima no sombreiro;  
poda no marzo, vendima no regazo;  
cava no abril e renda en maio, que xa che  
pagarei o teu traballo*

■ Quen así fala é a cepa, como acabamos de ler no magnífico artigo asinado por don Xesús Ferro Ruibal no número 18 dos *Cadernos de Fraseoloxía Galega* que se vén de presentar.

Di Ferro que "o refraneiro humaniza a viña e faina falar e prometer boa vendima, se o labrego a sabe tratar ben. Moitos labregos non saben que esta é unha figura retórica que os entendidos chaman prosopopea pero creárona como artistas e úsana como artistas" (p. 65).

En terra de viño e de artistas estamos nós. E desta segunda faceta dan ben conta as rapazas e os rapaces

que participaron nos atranques con ocasión do Entroido no CPI de Vedra.

Queremos recordalos para agradecerlles de paso a súa excelente interpretación: Iker Rodríguez (2.º EP), Ainara Gómez (6.º EP), María Pereira (6.º EP), Asier Cabo (1.º ESO), André Parra (1.º ESO), Laura de Castro (1.º ESO), Iria Otero (2.º ESO), Gabriela Quintás (2.º ESO) e Xabier Rodríguez (2.º ESO).

Como tiñamos previsto, imos comezar de cheo coa recolla de fotografías para participar no certame -AS IMAXES DO PATRIMONIO- que convoca a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!

E, rematadas as festas, continuamos a traballar en **Vedra medra co feitizo do Camiño...**

Na última semana de febreiro agardamos a Xosé M. Lobato para falarnos do volume *Pico Sacro. Ferido polo lóstrego e a lenda*. Os agasallados desta vez son os rapaces de 1º da ESO.

Temos previsto proxectar o audiovisual "As bolboretas do Pico Sacro" baseado no relato de Henrique Neira que forma parta do referido libro.

E non dubiden en acompañarnos. **Vedra medra** acolle a todos aqueles que se sintan enraizados no seu e que loiten por un PATRIMONIO VIVO.....

No Facebook **Vedra medra** poden seguir o noso labor: [www.facebook.com/vedramedra](http://www.facebook.com/vedramedra).







## PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONSUMO DE SUSTANCIAS ADICTIVAS

■ O Concello de Vedra pon en marcha distintas actividades no marco do Programa de prevención de consumo de sustancias aditivas.

Como obxectivos principais este programa quere:

- Promover unha conciencia social sobre os efectos nocivos das drogas que facilite un aumento da percepción de risco entre os mozos.
- Facilitar os recursos de información, orientación e formación das familias así como os axentes educativos e sanitarios.
- Desenvolver as habilidades e competencias persoais para rexeitar o consumo de drogas.
- Ofrecer ferramentas aos propios mozos e mozas para que poidan adoptar unha actitude crítica e responsable sobre as drogas.

A información constitúe un pír esencial na educación preventiva do uso de drogas. Pero para que determinada información inflúa nun comportamento, debe englobarse nun proceso activo de aprendizaxe, no marco dun programa integral de prevención que trabállase dende a oferta de distintas actividades como os seguintes obradoiros:

- Cinensino
- Sen fume
- Habilidades Sociais
- Consumo de redes sociais
- Proxecto de familias educadoras en rede

Para máis información no 699 041 486 ou no enderezo electrónico:

[carmen.sabio@concellodevedra.com](mailto:carmen.sabio@concellodevedra.com)

## Formación e Emprego



### PROGRAMA PEL - PEMES

■ A Deputación Provincial de A Coruña, ven de publicar no BOP as Bases reguladoras do programa PEL-Pemes:

- **PEL-Pemes:** Programa de incentivos á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.
  - **Bases:** BOP 32 DO 15 DE FEBREIRO DE 2018.

- **Prazo de solicitude:** publicado no BOP nº 40 do martes 27 de febreiro.

- **PEL-Pemes. Mantemento:** Programa de incentivos ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas.
  - **Bases:** BOP nº 32 do 15 de Febreiro de 2018.
  - **Prazo de solicitude:** publicado no BOP nº 40 do martes 27 de febreiro de 2018.





## IMSERO. PROGRAMA DE TERMALISMO PARA O 2018

■ Recorda que aínda estás a tempo de participar neste programa da terceira idade se cumpres algún dos seguintes requisitos:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social.
- Ser pensionista de viudedade do Sistema da Seguridade Social con 55 anos ou máis.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, do Sistema da Seguridade Social, con 60 anos ou máis.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social, con 65 anos ou máis.

Tamén é necesario:

- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidades transmisibles con risco de contaxio.
- Poder valerse por sí mesmo para as actividades básicas da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados.

### Servizos que ofrece:

- Aloxamento e manutención, en réxime de pensión completa.

## LUDOTECA

■ No mes de marzo, dentro do proxecto Conxuga, a "Volta ao Mundo en 80 días" levaranos ata a India. A partir deste fío condutor realizaremos diferentes talleres e actividades como:

- Mandalas con sal.
- Super Chef: comida típica da India.
- Contacontos.
- Patrulla ambiental: reciclaxe.
- A profesora chifrada.
- Aprendemos a relaxarnos.
- Construimos o Taj Mahal.
- Festa "Holi": benvinda á primavera.
- Mr. Manitas.

Toda unha serie de actividades co obxectivo de converter o xogo nun instrumento educativo, a través do cal intentamos transmitir non só coñecementos doutras culturas, senón que tamén educar en valores.

- Tratamentos termais básicos: recoñecemento médico, tratamento termal e seguimento do mesmo.
- Actividades de ocio e tempo libre ofertadas gratuitamente.
- Póliza colectiva de seguro.

### Establecementos incluídos no programa:

Baños Vellos	Lobios
Río Pambre-2	Dávila
Molgas-1	Illa da Toxa
Laías	Termas Romanas
Acuña-2	Arnoia
Termas de Cuntis	Carballiño
Mondariz	Acuña-1
Santiago de Compostela	Caldelas de Tui
Augas Santas	Baños de Brea
Molgas-2	

Para asistir ás quedas de SETEMBRO a DECEMBRO, ambos incluídos: deben solicitalo antes do 9 de maio de 2018.

Para máis información e solicitudes poderán dirixirse ao DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS do Concello os LUNS, XOVES E VENRES DE 8:30 a 14:00 horas.

Tamén queremos agradecer a Carmen Sobredo Tallón a súa colaboración, paciencia e ganas de gozar cos nenos da ludoteca dun día de Entroido, no cal nos ensinou como se fan as filloas.





## I ENCONTRO SOCIAL DE MULLERES NO CONCELLO DE VEDRA

■ Con motivo do 8 de marzo, “Día Internacional da Muller”, o Concello de Vedra organiza o I encontro de mulleres, tentando ofertar un espazo e un tempo para compartir experiencias, e propiciar novos proxectos, con este fin establecerase un foro –debate arredor da análise das necesidades das mulleres no rural, liñas de traballo a nivel asociativo...

Neste primeiro encontro intervirán as seguintes asociacións:

- Berenguela pola Igualdade de Vedra.
- Mulleres rurais de Teo.
- Amas de casa de Boqueixón.

Animádevos e participade o día 8 de marzo ás 17.30 horas no Centro Sociocultural do Concello de Vedra.

*É tempo de de construír en Igualdade.*

## ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

### ■ De interese...

Para unha mellor difusión dos programas de actividades trimestrais da terceira idade, informamos que todas as persoas interesadas poden tamén obtelo nos seguintes lugares:

- **No concello** de luns a venres de 10:00 a 14:00 h.
- **No centro social da terceira idade** de martes a domingos de 18:00 a 22:00 h.

### ■ Actividades:

#### ■ Teatrofilia

Actuacións de teatro os días 2, 3, 4, 9, 10, 11, 16, 17, 18, 23 e 24 de marzo.

Organizado pola Asoc. Cultural Papaventos.

#### ■ Bingo

Xoves 15 ás 20:00 h.

#### ■ Excursión ás Terras da Mariña Central.

Mércores 21 de marzo.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e visitas; prazas limitadas)

**Programa:** visitas á basílica de San Martiño, Finca Galea (museo etnográfico da auga) e lugares de interese da zona...

(O prazo de inscrición, ábrese o sábado 3 de marzo no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición)



### ■ Charla de educación Vial

Xoves 22 ás 20:00 h. no centro social.

As persoas asistentes recibirán un chaleco reflector.

Impartido pola coordinadora de educación vial de A Coruña.

- Tamén se están a realizar **ensaiois para a representación da obra de teatro “Contos de zapatilla”**. Representación o 23 de marzo ás 21:15 h. no Centro Social.

### ■ SERVICIO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

A programación do Centro Sociocultural da Terceira Idade leva desenvolvendo dende o pasado mes de xaneiro un “Servizo de estimulación terapéutica para persoas con Alzheimer ou outras demencias”.

**Horario da actividade:** Martes e xoves de 10:00 a 13:00 h.

Trátase dunha actividade executada pola Asociación “AGADEA” en coordinación cos Servizos Sociais Municipais, a través dunha educadora social e unha “xerocultora”. Se tes interese nesta actividade ponte en contacto no 981 814 695, a primeira valoración para determinar a adecuación da posible persoa usuaria ao servizo determinaraa unha psicóloga.

LUGAR: CENTRO SOCIOCULTURAL DE VEDRA

### SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSONAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS

MARTES E XOVES DE 10:00 A 13:00

PARA MÁIS INFORMACIÓN:  
AGADEA  
TEL: 981 814 695 / 647 58 97 25  
AGADEA@AGADEA.ORG  
OU NOS SS.SS. DO CONCELLO DE VEDRA 981814693



## ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS - TEATROFILIA 2018

Do 2 ao 24 de marzo... A XV Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia 2018 encherá o noso concello do mellor teatro amador feito en Galicia.

Ademais, este ano a Asociación Cultural Papaventos conmemora o seu 30º aniversario e para celebralo, Andaravía Teatro estrea o venres 16 de marzo o seu novo espectáculo: o musical "Moito barullo e poucas carolas", unha adaptación da comedia de William Shakespeare.

E atención! O sábado 10 de marzo organizan tamén un obradoiro no que poderás crear e botar a voar o teu papaventos.

### POGRAMACIÓN:

**Venres 2 de marzo 21:15 h. "Pasar por Nida"** TP Aula de Teatro da USC (Santiago de Compostela).

**Sábado 3 de marzo 21:15 h. "Bernarda"** +7 Lohengrín Teatro (Vigo).

**Domingo 4 de marzo 16:30 h. "Benvido, Sr. Ilustrado!"**. TP Visita teatralizada aos xardíns do Pazo de Ortigueira\* Andaravía Teatro (Vedra).  
**19:15 h. "Alén"** Infantil Paso de Valverde (Arteixo).

**Venres 9 de marzo 21:15 h. "Só ante a Perigos"** TP Grupo de Teatro Mediogüevo (Santiago de Compostela).

**Sábado 10 de marzo 17:00 h. Obradoiro "Crea e voa o teu papaventos"**. De balde\* Conmemoración do 30º Aniversario da A.C. Papaventos.  
**19:15 h. "Danza da choiva"** Elefante Elegante (Culleredo) Infantil.

**Domingo 11 de marzo 19:15 h. "Balas sobre Broadway"** +12. Achádego Teatro (Lugo).

**Venres 16 de marzo 21:15 h. "Moito barullo e poucas carolas"** TP Andaravía Teatro (Vedra).

**Sábado 17 de marzo 21:15 h. "O último baile do Sr. José da Cunha"** A Flor de Aldriz (Santa María da Feira - Portugal) TP.

**Domingo 18 de marzo 16:30 h. Tarde infantil "O sono de Nadal"** Escola de San Miguel de Sarandón (Vedra) "Non máis muros" Teatro D'Ulla e máis aló (Vedra, A Estrada, Bandeira, Silleda) "Un, dous, tres, acción!"



Grupo de Teatro da A.C. Cotomanguelo (Orazo).  
**19:15 h. "Enciclopedia Álvarez"** TP Colectivo Cultural Ollomao (Barreiros).

**Venres 23 de marzo 21:15 h. "Contos de zapatilla"** TP Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra

**Sábado 24 de marzo 21:15 h. "Romeo e Xulieta"** TP Teatro Airiños (Rianxo).

- Prezo entrada: 3 euros.
- Prezo bono: 7 euros.
- Prezo visita teatralizada: 5 euros.

Para asistir á visita teatralizada polos xardíns do Pazo de Ortigueira e ao obradoiro "Crea e voa o teu papaventos" é preciso inscribirse previamente no correo electrónico [ac\\_papaventos@yahoo.es](mailto:ac_papaventos@yahoo.es)

## CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA



Banda Xuvenil da EMSCR  
Escolanía da Catedral de Santiago

Organiza:



Colaboran:



Domingo 25  
de marzo as  
18:30  
Igrexa de  
Conxo  
(Santiago)

# Iniciativas Asociativas

## XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO

■ A comisión organizadora da Festa do Viño da Ulla propón con motivo da XXXVIII Exaltación do Viño da Ulla as súas Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño.

### "Xornadas Técnicas sobre a Cultura do Viño"

con motivo da XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA



Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra  
2018

#### Mércores 21 de marzo ás 19:00 h.

Conferencia: "Manexo de material vexetal da vide: enxerto" Práctica de campo  
Intervén: Francisco Rego Martínez. Técnico Especialista en Viticultura.

#### Xoves 22 de marzo ás 20:00 h.

"Novas tendencias na viticultura: viños de produción integrada, viños ecolóxicos e espumosos" Cata Comentada.  
Intervén: José Luis Aragunde (Sumiller). Campeón do Mundo de Cata de Viños 2015

#### Venres 23 de marzo ás 20:00 h.

"A cociña e o viño: Maridaxe de tapas elaboradas con produtos característicos do territorio (Lamprea, galo de curral, empanada, salmón, filloa, queixo...) con viños da Subzona Ribeira do Ulla da D.O. Rías Baixas"  
Cocineiros do "Grupo Nove": • Iñaki Bretal (Restaurante Eirado da Leña- Pontevedra) • Roberto Filgueira (Restaurante O Balado-Codeso) • Marta Fernández Rey; Sumiller

#### Sábado 24 de marzo

Irmanamento coa Subzona Condado do Tea da D.O. Rías Baixas  
Programa: recepción, visita a adegas e coñecemento do seu proxecto vitivinícola.

PARA MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS TELF.: 981 814 691



Explora, Descubre e Actúa "Valorización e promoción de recursos locais"  
Medida Leader 2014 - 2020 Submedida 9.4 - promoción territorial

## I FESTA DA PRIMAVERA EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

2018  
**Santa Cruz de Ribadulla**  
I FESTA DA PRIMAVERA  
**XOVES 29 MARZO**  
PRESENTACIÓN DO NOVO ESPECTÁCULO 2018  
**Panorama Paris de Noia**  
..... Habará carpa e Pulpeiro .....

## Vedra festeira

### GRAN LACONADA EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

**25 de Marzo ás 14:15**  
Fecha límite de inscrición 20 de Marzo

Telfs. de inscrición:  
645 655 005 / 609 87 56 50

**15€** Nen@s ata 10 anos GRATIS

Organiza:  
**Comisión de Festas San Pedro de Sarandón**

E o 8 de abril...

### A XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

## XXXVIII EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA SAN MIGUEL DE SARANDÓN - VEDRA DOMINGO 8 DE ABRIL DE 2018

- 12.00 h. Inauguración da "Praza do Viño" e da Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas - Subzona Ribeira do Ulla. (Degustación de viños)  
- Concerto da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla
- 13.00 h. • Saúda do Alcalde de Vedra.  
• PREGÓN A CARGO DE JOSÉ ANTONIO "BLAS" PIÑÓN (Cantante da Orquestra París de Noia)  
• Entrega de premios da Cata-Concurso dos Viños Rías Baixas Albariño da Subzona Ribeira do Ulla  
• Norreamento da "ORDE DOS AMIGOS E AMIGAS DA BOTA DO VIÑO DA ULLA"
- 13.30 h. VIÑO SON: **DE VACAS**
- 16.00 h. VIÑO TRADICIONAL:  
- A.C. SAN CAMPIO: Grupos de música e baile Os Laxeiriños, Os Campiños, Pandereteiras Dedaleiras.  
- CANTIGAS E AGARIMOS
- 17.45 h. VIÑO FESTEIRO:  
- DESFILE DOS XIGANTES DE LIÑAIO

### CHARANGA BB+ - A BANDA DA BALBINA ORQUESTRA JERUSALÉN



ESPAZO VIÑA  
Espazo promocional dos Concellos da Subzona Ribeira do Ulla

Durante todo o día Sorteo de Lotes de Produtos da Ulla

Premios ás mellores Peñas: máis numerosa, máis festeira...

Habrá: polbo, filloas, chourizos, empanadas

Atraccións infantís

AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovinodauilla.com



### PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.